

# CARACTERIZACIÓN DO SECTOR DAS TIC

## 1.1 Introducción

O presente documento forma parte do diagnóstico de situación levado a cabo como unha das bases de elaboración do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI). En concreto, o seu obxectivo é plasmar aqueles aspectos máis significativos en relación coa caracterización do sector empresarial ligado á Sociedade da Información, comunmente denominado sector TIC.

Para a elaboración do documento, fundamentalmente no que se refire a información económica e de demografía empresarial tense recorrido aos institutos estatísticos, que fornecen a información máis fiable a partir dos directorios de empresas. Do mesmo xeito, as grandes magnitudes de volume de negocio téñense tomado das asociacións estatais do sector.

Cando se analizan características de detalle sobre o emprego, os ámbitos de actividade ou a función innovadora no sector, empréganse os datos provenientes das enquisas que se levaron a cabo como parte do traballo de elaboración do PEGSI.

Malia que é profuso en datos, o presente documento non ten por obxecto a exposición extensiva dos resultados das enquisas, senón a análise desta información de cara a obter a diagnose. O documento "Informe das Enquisas - Sector TIC" é o que expón polo miúdo o resultado destas.

Os restantes contidos do documento estrutúranse conforme á seguinte orde:

- > O Capítulo 2, "O peso económico do sector TIC", repasa as principais magnitudes económicas da actividade destas compañías para situala no seu debido contexto de análise.

- > Pola súa banda, o Capítulo 3, "O sector TIC galego" reparte polo miúdo as diferentes características cuantitativas do mesmo, desde o emprego até a tipoloxía de clientes, co fin de fornecer a descrición o máis precisa posible da súa situación a día de hoxe.